



Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO

1 DE DICIEMBRE DE 2021

(aprazado do día 29 de novembro)

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinte horas do mércores 1 de decembro de 2021** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 25-11-2021*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,coa fin de celebrar pleno ordinario (aprazado do día 29 de novembro de 2021).

A celebración do pleno adopta a modalidade de “semipresencial” según Decreto de Alcaldía de data 29 de novembro de 2021.

Partido Popular (PP)
1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, alcalde-presidente
2.-María José Sampedro Fernández (<i>telemáticamente</i>)
3.-Ramón José Doval Sampedro (<i>telemáticamente</i>)
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Ana Isabel Barreiro Rego.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Juana María Brión Santamaría
8.-Elvira Pereira Ageitos.
9.-Javier Ventura Sampedro Ageitos
Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-María Herminia Pouso Maneiro
3.-Miguel Ángel Vázquez Salgueiro (<i>telemáticamente</i>)
4.-Emilio Andrés González Regueira.
5.-Gerardo Pardavila Fernández.
6.-Asier Casais Álvarez
7.-Tania Redondo Fernández
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-José Manuel Vilas Álvarez
2.-José Manuel Suárez-Puerta Sirgado. (<i>telemáticamente</i>)
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Xosé Antonio Vázquez Cobas
2.-Luis Antonio Pérez Barral(<i>telemáticamente</i>)





Suma Ribeira (SR)
I.-Xurxo Ferrón Vidán

A Corporación está asistida polo Sr. Secretario deste Concello, D. Juan Manuel Salguero del Valle, que dá fe do acto, e polo Sr. Interventor do mesmo, D. Pablo Bao Castro.

Asiste asemade, en calidade de asesor informático, D. Ramón Martínez Becerra.

Ábrese a sesión polo Sr. alcalde-presidente procédese a tratar os seguintes puntos da orde do día:

PARTE I.-ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.-APROBACIÓN ACTA SESIÓN ORDINARIA 25 DE OUTUBRO DE 2021.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno ordinario celebrado o **25 de outubro de 2021**

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de RIBEIRA**, o Sr. alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día **25 de outubro de 2021**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por asentimento dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2021.**

2.-ACORDO PARA A CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corproación dun ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 24 de novembro de 2021 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 17 de novembro de 2021 do seguinte tenor literal:

“CONSIDERANDO que a violencia contra as mulleres non é un problema que afecte o ámbito privado senón que pola contra se manifesta como o símbolo máis brutal da desigualdade ente mulleres e homes existente na nosa sociedade. É un problema público e social de primeira magnitude, xa que representa un ataque ao dereito a vida, á integridade física, á liberdade e á non discriminación, todos eles valores irrenunciabes que proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto.

CONSIDERANDO que os poderes públicos non debemos ser alleos á violencia, temos a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210791426
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 10/12/2021	MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 10/12/2021	Fecha: 10/12/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/12/2021 11:10:53		Hora: 11:10





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

CONSIDERANDO que a coordinación é un factor determinante para unha mellor eficacia na prevención e detección dos casos de violencia de xénero, así como para conseguir unha mellor complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero

Por medio da presente propónse á Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo que, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, emita ditame favorable sobre o seguinte:

-Primeiro: Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero

Constitúen a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero:

Presidencia:

- O alcalde presidente do Concello de Ribeira, D. Manuel Ruiz Rivas ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, que a presidirá

Vogalías:

- Concelleira con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero, Dona Ana Isabel Barreiro Rego
- Representante da Subdelegación del Gobierno en A Coruña,
- Representante da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.
- Psicóloga do centro de información ás mulleres-CIM, Dona M^a Angeles Pazos Sieira
- Responsable do Departamento de Servizos sociais municipal, Dona M^a Francisca Vidal Regueira
- Representante da policía local
- Representante das forzas e corpos de seguridade (Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autonómica)
- Representante dos centros educativos
- Representante dos servizos sanitarios (centros de saúde e Hospital da Barbanza)
- Delegada en Ribeira do colexio de avogados/as de A Coruña
- Representante do partido xudicial de Ribeira

Secretaría:

- Dona M^a Dolores Crujeiras Bringas, Directora do Centro de Información á muller

Segundo: A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirse de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.

Terceiro: Facultar tanto ao Sr. alcalde-presidente como á Sra. Concelleira delegada con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 24 de novembro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 20 (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG)

Acta Pleno Ordinario 1 de decembro de 2021.

Página 3



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000C138200Q0J7S1V9A8S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 10/12/2021
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 10/12/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/12/2021 11:10:53

DOCUMENTO: 20210791426

Fecha: 10/12/2021
Hora: 11:10

CSV: 07E5000C138200Q0J7S1V9A8S3





-VOTOS EN CONTRA: 1 Mixto-Suma Ribeira

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo, sobre **CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO** e en consecuencia aproba:

Primeiro: *Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero*

Constitúen a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero:

Presidencia:

- O alcalde presidente do Concello de Ribeira, D. Manuel Ruiz Rivas ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, que a presidirá

Vogalías:

- Concelleira con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero, Dona Ana Isabel Barreiro Rego
- Representante da Subdelegación del Gobierno en A Coruña,
- Representante da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.
- Psicóloga do centro de información ás mulleres-CIM, Dona M^a Angeles Pazos Sieira
- Responsable do Departamento de Servizos sociais municipal, Dona M^a Francisca Vidal Regueira
- Representante da policía local
- Representante das forzas e corpos de seguridade (Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autonómica)
- Representante dos centros educativos
- Representante dos servizos sanitarios (centros de saúde e Hospital da Barbanza)
- Delegada en Ribeira do colexio de avogados/as de A Coruña
- Representante do partido xudicial de Ribeira

Secretaría:

- Dona M^a Dolores Crujeiras Bringas, Directora do Centro de Información á muller

Segundo: *A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirse de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.*

Terceiro: *-Facultar tanto ao Sr. alcalde-presidente como á Sra. Concelleira delegada con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero para garantir a plena efectividade do presente acordo.*

3.-APROBACION INICIAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2021.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 24 de novembro de 2021 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 18 de novembro de 2021 do seguinte tenor literal:

"EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2021.

Acta Pleno Ordinario 1 de decembro de 2021.

Página 4



FIRMANTE - FECHA





PROPOSTA DA ALCALDÍA

Conforme ao establecido na Providencia de iniciación do presente expediente de modificación de créditos, e á vista do Informe de Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno para a súa consideración e, se procede, aprobación, a seguinte proposta de acordo:

1º.-“Aprobación inicial do SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2021, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
323.22700	Servizos de limpeza colexios	82.871,00
459.62212	Equipamento do novo auditorio de Ribeira	75.197,06
APLICACIÓN INGRESOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	158.068,06

2º.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 24 de novembro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (9 PP, 2 Ps de G-Psoe)

-VOTOS EN CONTRA: 4 (1 PBB: Sra. Redondo Fernández, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-ABSTENCIÓNS: 6 PBB

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas, sobre **APROBACION INICIAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2021** e en consecuencia aproba:

Primeiro:“Aprobación inicial do SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2021, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

323.22700	Servizos de limpeza colexios	82.871,00
459.62212	Equipamento do novo auditorio de Ribeira	75.197,06
APLICACIÓN INGRESOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	158.068,06

Segundo:- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

Terceiro:- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello”.

4.- APROBACIÓN INICIAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 3/2021.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 24 de novembro de 2021 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 18 de novembro de 2021 do seguinte tenor literal:

“EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 3/2021.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Conforme ao establecido na Providencia de iniciación do presente expediente de modificación de créditos, e á vista do Informe de Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno para a súa consideración e, se procede, aprobación, a seguinte proposta de acordo:

1º.- “Aprobación inicial do CRÉDITO EXTRAORDINARIO 3/2021, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
241K.60900	Infraestrutura Obradoiro de emprego Tahúme VII	74.107,77
453.60941	Execución de ponte sobre o río Listres	82.292,52
133.62600	Novo sistema control acceso aparcamento Centenario	150.000,00
453.60923	Liquidación complementario do proxecto de reordenación da Avda. do Malecón e pavimentación zona infantil García Bayón	32.368,95
933.63200	Liquidación ampliación antiga escola unitaria Corrubedo	9.982,28
133.60900	Dotación de un área de estacionamento disuasorio na zona comercial de Abesadas	106.268,40
APLICACIÓN INGRESOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	455.019,92





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

2º.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 24 de novembro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (9 PP, 2 Ps de G-Psoe)

-VOTOS EN CONTRA: 2 BNG

-ABSTENCIÓNS: 8 (7 PBBI, 1 Mixto-Suma Ribeira)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas, sobre **APROBACIÓN INICIAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 3/2021** e en consecuencia aproba:

Primeiro:-“Aprobación inicial do CRÉDITO EXTRAORDINARIO 3/2021, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
241K.60900	Infraestrutura Obradoiro de emprego Tahúme VII	74.107,77
453.60941	Execución de ponte sobre o río Listres	82.292,52
133.62600	Novo sistema control acceso aparcamento Centenario	150.000,00
453.60923	Liquidación complementario do proxecto de reordenación da Avda. do Malecón e pavimentación zona infantil García Bayón	32.368,95
933.63200	Liquidación ampliación antiga escola unitaria Corrubedo	9.982,28
133.60900	Dotación de un área de estacionamento disuasorio na zona comercial de Abesadas	106.268,40
APLICACIÓN INGRESOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	455.019,92

Segundo:- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.





Terceiro:-Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello”.

5.- APROBACIÓN CONCERTACIÓN OPERACIÓN DE CRÉDITO PARA A FINANCIACIÓN DA EXPROPIACIÓN DOS TERREOS PARA O NOVO POLÍGONO INDUSTRIAL.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corproación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 24 de novembro de 2021 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 18 de novembro de 2021 do seguinte tenor literal:

“De acordo co previsto no artigo 52.2 do R.D. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o establecido na base 39 das de Execución do Orzamento Xeral para o exercicio 2021, esta Alcaldía presidencia propón ao Pleno do Concello de Ribeira o seguinte:

PRIMEIRO- Aprobar a concertación dunha operación de préstamo a longo prazo, oca finalidade de financiar a expropiación de terreos para a construción do novo polígono, cun importe de 1.200.000,00 euros.

SEGUNDO- Aprobar as seguintes bases que rexerán a contratación desta operación do préstamo:

BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO, COA FINALIDADE DE FINANCIAR A EXPROPIACION DE TERREOS PARA O NOVO POLÍGONO INDUSTRIAL, PREVISTANO ORZAMENTO DE 2021.

1º.- OBXECTO DO CONTRATO.

De acordo co disposto no artigo 49 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Ribeira pretende a formalización dunha operación endebedamento, articulada a través dun contrato de préstamo a longo prazo, co fin de financiar as seguintes actuacións contempladas no orzamento do Concello de Ribeira de 2021:

INVERSION	OPERACION PRESTAMO
Expropiación de terreos para a construción do novo polígono industrial	1.200.000,00
TOTAL	1.200.000,00

Consonte á súa natureza, o obxecto do contrato de préstamo a subscribir será por tanto a obtención de capitais para o financiamento de actuacións de investimento sinaladas no parágrafo anterior, de acordo co previsto nos artigos 311 e seguintes do Código de Comercio.

2º.- NATUREZA XURÍDICA DO CONTRATO.

O presente contrato é un dos negocios xurídicos excluídos do ámbito obxectivo do TRLCSP, de 14 de novembro, segundo o disposto no artigo 4.1 l), da referida norma. En consecuencia, a contrato derivado da presente licitación rexeráse:

- En canto á súa preparación e adxudicación: polas presentes bases, nas que quedan garantidos o respecto aos principios de concorrencia e obxectividade. Os actos ditados nesta fase do procedemento serán recorribles ante a Xurisdición Contencioso Administrativa.
- En canto á súa execución: pola normativa de dereito privado que lle resulte de aplicación, en virtude da súa natureza.





3°.-IMPORTE DA OPERACIÓN.

A operación a concertar terá un importe máximo de 1.200.000,00 € (UN MILLÓN DOUS CENTOS MILEUROS).

A entidade financeira abrirá un crédito a favor do Concello de ata 1.200.000,00 €. O antedito crédito exprésase nunha conta de crédito no que o Concello irá dispoñendo das contías que necesite segundo o grao de execución dos investimentos que se financien.

O período de dispoñibilidade da conta de crédito comezará na data en que se formalice o contrato e durará ata o 31.12.2023, data na que en todo caso se producirá a consolidación da débeda.

Os importes que se dispoñan na conta de crédito devengarán os xuros que se indican na cláusula A das condicións particulares da operación, dende a data de cada disposición ata a da consolidación que se estableza no contrato. A partir desta, comezará a cancelarse o préstamo consonte co preceptuado na cláusula A das condicións particulares da operación (amortización do préstamo).

4°.- DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato a subscribir terá unha duración de doce anos e 1 mes (2 anos e 1 mes de liña de crédito + 10 anos de amortización de capital e intereses) a partir da data de formalización da operación.

5°.- IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA DA OPERACIÓN.

Os gastos derivados do presente contrato serán imputados ás correspondentes aplicacións dos capítulos III e IX do orzamento de gastos. A tal fin, o Concello de Ribeira comprométese a consignar anualmente -nos orzamentos dos exercicios 2021 a 2033- as contías precisas para facer fronte aos pagos que lle resulten esixibles en cada momento.

6°.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

6.1 Invitación para participar no procedemento. O Concello invitará formalmente a participar no procedemento ás seguintes entidades financeiras, por ter todas elas sucursal aberta na termo municipal, ou ben por manter -ou ter mantido- relacións mercantís con Concello:

- Banco Bilbao Vizcaya Argentaria.
- Banco Santander.
- Abanca.
- Caixabank
- Banco Sabadell.

Sen prexuízo do anterior, calquera entidade financeira que tivera coñecemento do procedemento poderá participar no mesmo, presentando a correspondente proposición antes do remate do prazo sinalado na base 5.4. A estes efectos, entenderase que este prazo remata cando o faga o correspondente á última entidade formalmente invitada polo Concello.

6.2 Capacidade do empresario. Poderán presentar ofertas para a adxudicación do contrato, logo de convite pola Administración, as entidades financeiras ás que fai referencia o Real Decreto Lexislativo 1298/86, de 28 de xuño, con plena capacidade de obrar, que non se atopen incursas en ningunha das prohibicións de contratar establecidas no artigo 71 do LCSP.

Para acreditar tal circunstancia deberán aportar a correspondente declaración responsable na que o empresario, o seu representante ou apoderado, no seu caso, deixe constancia de tal requisito.

6.3 Contido das Proposicións. As proposicións presentaranse en sobre pechado, no que figurará a inscrición: "PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NA CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO, COA FINALIDADE DE FINANCIAR A EXPROPIACIÓN DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO POLÍGONO INDUSTRIAL".

A proposicións estarán integradas pola seguinte documentación:





- a) *Proposición económica. Non se establece modelo concreto de presentación de proposicións, pero os licitadores deberán expresar tódolos datos esixidos, declaración de coñecer e aceptar as condicións estipuladas nas bases reguladoras do contrato de préstamo a formalizar; o seu C.I.F., nome e D.N.I. do seu representante; lugar, data e sinatura do licitador e detalle completo das oferta/s económicas debidamente autorizadas.*
- b) *Unha conta de correo e-mail para efectos de notificacións.*
- c) *No seu caso, unha memoria xustificativa dos extremos aos que se refire o último parágrafo da Base 7.*

6.4 *As entidades financeiras poderán participar total ou parcialmente no importe da operación.*

6.5 *Prazo de presentación.* *O prazo de presentación de proposicións no Rexistro Municipal rematará as 13:30 horas do día 20 de DECEMBRO de 2021.*

Non se admitirá a presentación de proposicións por correo.

7º.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

As proposicións serán avaliadas en función do menor custe financeiro que, previsiblemente, representen para o Concello.

No suposto de coincidencia de ofertas, terase en conta a obra social desenvolta no termo municipal de Ribeira polas entidades oferentes, así como as colaboracións de todo tipo que aquelas manteñan co Concello.

8º.- ÓRGANO DE AVALIACIÓN.

As ofertas presentadas serán valoradas por unha comisión avaliadora, integrada polos seguintes membros:

Presidente:

- *Alcalde, ou persoa en quen delegue.*

Vogais:

- *Secretario Xeral da Corporación.*
- *Interventor de Fondos da Corporación.*
- *Tesoureiro da Corporación.*
- *Administrativo adscrito ao departamento de Intervención, que actuará igualmente como Secretario.*

9º.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

Consonte o previsto no artigo 22.2.m) da Lei 7/85, de 2 de abril, a competencia para concertar a presente operación de préstamo corresponde ao Pleno da Corporación, por estar prevista no orzamento para o exercicio 2021, e superar o importe acumulado das mesmas o 10 por 100 dos recursos de carácter ordinario previstos no mesmo, tal e como se pon de manifesto no Anexo Técnico ás presentes Bases.

10º.- APERTURA DAS PROPOSICIÓN, ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DA OPERACIÓN.

10.1 *Apertura das proposicións.*

A comisión avaliadora regulada na base 8ª procederá á apertura das proposicións presentadas nun acto de carácter público que se celebrará no salón de Plenos do Concello, ás 13:00 do 21 de DECEMBRO de 2021.

10.2 *Adjudicación.*

Unha vez celebrado o acto público de apertura, a comisión de avaliación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas -aplicando para elo os criterios sinalados na base 7ª-, e o órgano de contratación requirirá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que tivese recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- *Carné de identidade da persoa que vaia a asinar o contrato en nome da entidade financeira.*
- *Poder notarial no que se acredite a lexitimación do representante.*
- *Declaración responsable de non estar incurso a entidade nas prohibicións de contratar establecidas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público.*
- *Modelo do contrato a asinar.*

Aportada a anterior documentación pola entidade financeira, o órgano de contratación efectuará adxudicación ao seu favor. En caso contrario, procederase a requirir a presentación da documentación á entidade que resultara clasificada en segundo lugar pola comisión avaliadora, e así sucesivamente.

O mesmo sucederá en caso de que o contrato a asinar non se axuste ao previsto nestas bases.

Non obstante o indicado nesta base, o Concello resérvase a potestade de deixar deserto o concurso de considerarse que as condicións ofertadas non son convenientes para o interese xeral.

10.3 Formalización.

No período dun mes a contar dende a adxudicación do contrato.

10.4 Disposición.

Independentemente de cando se produza a formalización do contrato, e segundo as disponibilidades da tesourería, se irá dispoñendo da liña de crédito as contías necesarias segundo o grao de execución dos investimentos que se financien ata o 31.12.2023, data a partires da cal comezará a amortización durante os 10 anos restantes.

CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO, COA FINALIDADE DE FINANCIAR A EXPROPIACIÓN DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO POLÍGONO MUNICIPAL, INCLUÍDA NO ORZAMENTO DE 2021.

ANEXOTÉCNICO.

A.- Condicións particulares da operación.

B.- Información económica do Concello de Ribeira.

A.- Condicións particulares da operación.

Tipo de interese nominal:

As entidades financeiras participantes poderán optar indistintamente por presentar as súas ofertas retribuídas cun tipo fixo ou variable.

No caso de que a oferta contemple un tipo variable, deberá tomar como referencia o valor que alcance o EURIBOR para depósitos a prazo de 3 meses, enténdese por EURIBOR (European Interbank Offered Rate) o tipo de interese de oferta, de natureza interbancaria e de fixación diaria, concibido pola Federación Bancaria Europea e calculado e publicado diariamente pola Axencia Bridge Telerate.

Condicións do tipo de xuro variable:

- *Tipo de referencia: deberá tomarse como referencia o valor que alcance último EURIBOR (3 meses) publicado antes da formalización do contrato. As ofertas poderán sinalar o tipo substitutivo no caso de que, por calquera razón que afecte ó mercado, non se puidera determinar a vixencia do mencionado no parágrafo anterior.*
- *Diferencial: os puntos básicos ofertados como diferencial expresaranse en números enteiros, e dicir, o diferencial en puntos % con dous decimais.*
- *Sen redondeo.*
- *O tipo de xuro revisarase trimestralmente, aplicando para elo o EURIBOR publicado dous días hábiles antes da data de inicio do novo período, o que será notificado a este Concello dentro da primeira quincena do seguinte trimestre natural.*

As ofertas deberán cumprir cos límites establecidos na resolución do 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das entidades locais e das comunidades autónomas, que se collan ao Fondo de Financiación a Comunidades Autónomas (BOE n° 160 de data 06.07.17) e nas súas actualizacións.

A estes efectos, a operación ten unha vida media de 86,50 meses, considerando unha duración de 12 anos e 1 meses (10 anos de

Acta Pleno Ordinario 1 de decembro de 2021.

Página 11



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000C138200QJ7S1V9A8S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 10/12/2021
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 10/12/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/12/2021 11:10:53

DOCUMENTO: 20210791426

Fecha: 10/12/2021
Hora: 11:10

CSV: 07E5000C138200QJ7S1V9A8S3





amortización e 25 meses de carencia) e catro pagos anuais.

Amortización do préstamo e devengo de xuros:

- Contemplase unha carencia de amortización de capital ata o 31.12.2023, data na que a liña de crédito se consolidará en operación de préstamo.
- O prazo de amortización será de 10 anos a partir do 31.12.2023, efectuándose aquela mediante CORENTA (40) cotas de amortización trimestrais constantes, con vencemento no último día do trimestre natural de cada ano.
- A cota de amortización de capital permanecerá constante ao longo da vida do préstamo.
- En consecuencia, a primeira cota de amortización aboaráse o 31.03.2024.
- No período transitorio dende a formalización da operación ata o 31.12.2023, os xuros aboaranse trimestralmente con vencemento no derradeiro día do trimestre natural, calculados polo saldo da liña de crédito disposta.
- A partir do 31.12.2023, o xuro aboaráse trimestralmente xunto con cada cota de amortización constante e calcularase aplicando ó capital pendente de amortización en cada vencemento o tipo de xuro da oferta seleccionada.
- A base de cálculo dos xuros será 90/360.

Comisións:

- Sen comisións. Non se aceptará ningunha oferta que recolla comisión de apertura, de cancelación anticipada o calquera outra comisión a cargo do prestatario. O Concello poderá por tanto cancelar anticipadamente, con carácter total ou parcial, as cantidades pendentes de amortizar, en calquera momento, sen máis requisito que a comunicación previa á entidade prestamista.
- Os gastos derivados do outorgamento do contrato en escritura pública no seu caso, será por conta da entidade prestamista.

B.- Información económica do Concello de Ribeira.

O Concello de Ribeira NON cumpre coas condicións de elixibilidade ao Fondo de Impulso Económico.

Réxime de autorizacións da operación.

Esta operación no precisa das autorizacións da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro ás que se refire o artigo 53 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao terse derivado da última liquidación aprobada (exercicio 2020) un aforro neto positivo, e ao ser o volume de débeda viva -incluída a operación que agora se licita-, inferior ao 110 % dos recursos por operacións correntes liquidados.

E preciso sinalar, que para o ano 2021 débese ter en conta a disposición final 31ª da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, que modifica o RDL 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, pola que con efectos da entrada en vigor da lei y vixencia indefinida as Entidades Locais que liquiden o exercicio inmediato anterior con aforro neto positivo, calculado na forma que establece o artigo 53 do TRLRFL, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos, cando o volume total de capital vivo non exceda do 75 por cento dos ingresos correntes liquidados ou devengados segundo as cifras deducidas dos estados consolidados con suxeición, no seu caso, a TRLRFL e a normativa de Estabilidade Orzamentaria.

Orzamento aprobado para o exercicio en curso.

No momento actual o Concello de Ribeira conta con orzamento aprobado para o exercicio en curso.

TERCEIRO.- Convidar ás entidades bancarias enumeradas nas Bases a que presenten oferta para a concertación da operación de préstamo.

CUARTO.- Delegar na Alcaldía a facultade de requirir ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que tivese recibido o requirimento, presente a documentación enumerada no artigo 10.2 das Bases.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210791426
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 10/12/2021	MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 10/12/2021	Fecha: 10/12/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/12/2021 11:10:53		Hora: 11:10





ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 24 de novembro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteun membros de dereito **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas, sobre **APROBACIÓN CONCERTACIÓN OPERACIÓN DE CRÉDITO PARA A FINANCIACIÓN DA EXPROPIACIÓN DOS TERREOS PARA O NOVO POLÍGONO INDUSTRIAL**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

6.-SOLICITUDE SUBVENCIÓN NOMINATIVA DEPUTACIÓN AUDITORIO

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 24 de novembro de 2021 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 17 de novembro de 2021 do seguinte tenor literal:

“SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o proxecto de equipamento escénico de data 29/04/2021 para o novo Auditorio de Ribeira e redactado polos arquitectos Bernat Pons Vidal, Anna Gorrochategui Matas e Antoni Pons Cañellas.

Considerando que dito equipamento é necesario para poder desenvolver tanto a actividade normal dun auditorio, máis a actividade dun teatro, polo que darán cabida aos diferentes tipos de espectáculos, como poden ser:

- Música: en todas a súas vertentes, tanto acústica como amplificada (sinfónica de cámara, jazz, folk, etc..)*
- Teatro: pequeno e gran formato – teatro experimental.*
- Danza: ballet, danza contemporánea, popular, urbana,...*
- Conferencias e actos sociais (especialmente na sala polivalente)*
- Proxeccións cinematográficas (na sala polivalente)*

En definitiva, o proxecto de equipamento, presenta unha infraestrutura técnica moi completa que permitirá consolidar a oferta sociocultural dentro do ámbito de polivalencia no que foi concibida.

Considerando a limitación de recursos que dispón unha Administración como é o Concello de Ribeira, tendo en conta que o orzamento total de execución por contrata do proxecto de equipamento escénico ascende a 375.985,28 euros

En base ao exposto, e por medio da presente, proponse a adopción dos seguintes acordos polo Pleno da Corporación:





Primeiro.- Aprobar o interese público de carácter cultural e social do proxecto de equipamento escénico do novo Auditorio de Ribeira.

Segundo.- Solicitar ante a Excm. Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa ao marxe dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plans da Deputación, debido a tipoloxía e contía da actuación a realizar, polo importe de 300.788,22 euros, que supoñen o 80% de coeficiente de financiamento do orzamento total de execución por contrata.

Terceiro.- Aprobar o compromiso da Corporación de asumir o restante 20% do coeficiente de financiamento do orzamento total de execución por contrata, con cargo aos fondos propios do Concello de Ribeira, ascendo a 75.197,06 euros.

Cuarto.- Facultar ao Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en nome e representación do Concello de Ribeira.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 24 de novembro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 13 (9PP, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 8 (7 PBBI, 1 Mixto-Suma Ribeira)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas, sobre **SOLICITUDE SUBVENCIÓN NOMINATIVA DEPUTACIÓN AUDITORIO** e en consecuencia aproba:

Primeiro.- Aprobar o interese público de carácter cultural e social do proxecto de equipamento escénico do novo Auditorio de Ribeira.

Segundo.- Solicitar ante a Excm. Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa ao marxe dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plans da Deputación, debido a tipoloxía e contía da actuación a realizar, polo importe de 300.788,22 euros, que supoñen o 80% de coeficiente de financiamento do orzamento total de execución por contrata.

Terceiro.- Aprobar o compromiso da Corporación de asumir o restante 20% do coeficiente de financiamento do orzamento total de execución por contrata, con cargo aos fondos propios do Concello de Ribeira, ascendo a 75.197,06 euros.

Cuarto.- Facultar ao Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en nome e representación do Concello de Ribeira.

(nestes intres, sendo as 22.00 h, ao abeiro do artigo 113.6 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira acórdase unha pausa para descanso por un período de trinta minutos, reanudándose o pleno, en consecuencia, ás 22.30 h)

7.- ACORDO COA COMUNIDADE DE ARTES PARA OBTEN CESIÓN DE TERREOS PARA APARCADOIROS DISUASORIOS NA PEDRA DA RÁ, ACTUACIÓNS DE INTERESE NO CASTRO DA CIDÁ E OUTRAS DE INTERESE XERAL.





Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 24 de novembro de 2021, sobre a base dunha proposta de Alcaldía de data de 19 de novembro de 2021 do seguinte tenor literal:

CONSIDERANDO que é necesario para este Municipio proceder á adquisición (ARRENDAMENTO POR UN PERÍODO DE 30 ANOS) de terreos cunha extensión aproximada de 50 hectáreas propiedade da Comunidade Montes coa fin de adicalos a aparcamento disuasorio no entorno da Pedra da Rá, realizar actividades no entorno do Castro da Cidá e outras actuacións de interese xeral

Por medio de presente propónse á Comisión Informativa de Urbanismo, infraestruturas, benestar social e medio ambiente que emita ditame favorable sobre o seguinte:

Primeiro:- Inicialo expediente para proceder á adquisición (ARRENDAMENTO POR UN PERÍODO DE 30 ANOS) de terreos cunha extensión aproximada de 50 hectáreas propiedade da Comunidade Montes coa fin de adicalos a aparcamento disuasorio no entorno da Pedra da Rá, realizar actividades no entorno do Castro da Cidá e outras actuacións de interese xeral

Segundo:-Que pola Secretaría Xeral se emita informe sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Terceiro:-Que polos servizos técnicos municipais se emitan os informes de valoración que sexan precisos.

Cuarto:-Que en función dos anteriores pola Intervención Xeral se emita informe sobre o custo económico e demais aspectos que procedan en relación co presente expediente.

Quinto:-Que se faculte ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 24 de novembro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 13 (9PP, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG)

-VOTOS EN CONTRA: 7 PBBI

-ABSTENCIÓNS: 1 Mixto-Suma Ribeira

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente sobre **ACORDO COA COMUNIDADE DE ARTES PARA OBTEN CESIÓ DE TERREOS PARA APARCADOIROS DISUASORIOS NA PEDRA DA RÁ, ACTUACIÓN DE INTERESE NO CASTRO DA CIDÁ E OUTRAS DE INTERESE XERAL** e en consecuencia aproba:

Primeiro:- Inicialo expediente para proceder á adquisición (ARRENDAMENTO POR UN PERÍODO DE 30 ANOS) de terreos cunha extensión aproximada de 50 hectáreas propiedade da Comunidade Montes coa fin de adicalos a aparcamento disuasorio no entorno da Pedra da Rá, realizar actividades no entorno do Castro da Cidá e outras actuacións de interese xeral

Segundo:-Que pola Secretaría Xeral se emita informe sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.





Terceiro:-Que polos servizos técnicos municipais se emitan os informes de valoración que sexan precisos.

Cuarto:-Que en función dos anteriores pola Intervención Xeral se emita informe sobre o custo económico e demais aspectos que procedan en relación co presente expediente.

Quinto:-Que se faculte ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

(auséntase o Sr. Pérez Outeiral, ao abeiro do disposto no artigo 76 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local en relación co artigo 23 da Lei 40/2015, 1 de outubro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas)

8.- ACORDO COA SOCIEDADE HIJOS DE PALMEIRA PARA OBTENIR A CESIÓN DO ANTIGO CAMPO DE FÚTBOL PARA CREAR NOVAS ÁREAS DE OCIO E ESPARCIMENTO E DE ZONAS VERDES E MELLORAR A DOTACIÓN DE APARCADOIROS.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 24 de novembro de 2021, sobre a base dunha proposta de Alcaldía de data de 19 de novembro de 2021 do seguinte tenor literal:

“CONSIDERANDO que é necesario para este Municipio proceder á adquisición (ARRENDAMENTO POR UN PERÍODO DE 50 ANOS) de terreos do antigo campo de fútbol para cunha extensión aproximada de 10.000 m2 propiedade da sociedade “Hijos de Palmeira” coa fin de crear novas áreas de ocio e esparcemento e de zonas verdes, así como mellorar a dotación de aparcamentos.

Por medio de presente proponse á Comisión Informativa de Urbanismo, infraestructuras, benestar social e medio ambiente que emita ditame favorable sobre o seguinte:

Primeiro:- Inicialo expediente para proceder á adquisición (ARRENDAMENTO POR UN PERÍODO DE 50 ANOS) de terreos do antigo campo de fútbol para cunha extensión aproximada de 10.000 m2 propiedade da sociedade “Hijos de Palmeira” coa fin de crear novas áreas de ocio e esparcemento e de zonas verdes, así como mellorar a dotación de aparcamentos.

Segundo:-Que pola Secretaría Xeral se emita informe sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Terceiro:-Que polos servizos técnicos municipais se emitan os informes de valoración que sexan precisos.

Cuarto:-Que en función dos anteriores pola Intervención Xeral se emita informe sobre o custo económico e demais aspectos que procedan en relación co presente expediente.

Quinto:-Que se faculte ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 24 de novembro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 8 PP

-VOTOS EN CONTRA: 12 (7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)





-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **NON aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre **ACORDO COA SOCIEDADE HIJOS DE PALMEIRA PARA OBTEN A CESIÓN DO ANTIGO CAMPO DE FÚTBOL PARA CREAR NOVAS ÁREAS DE OCIO E ESPARCEMENTO E DE ZONAS VERDES E MELLORAR A DOTACIÓN DE APARCADOIROS.**

(reincorpórase o Sr. Pérez Outeiral)

9.- PROPOSICIÓN GM DO PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ SOBRE PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO VECIÑAL 9011 NO ENTORNO DA RÚA DO BRAÑAL – PALMEIRA.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de outubro de 2021, sobre a base dunha proposición do **GM do Ps de GPsoe**, presentada por **D. José Manuel Vilas Álvarez** con data de 8 de outubro de 2021 (rex de entrada nº 18221) do seguinte tenor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

*Ante os requirimentos de veciños de **Palmeira**, sobre as dificultades de circulación na vía pública **rúa do Brañal**, ao ter como única vía de conexión a AC-305, tanto de entrada como de saída do lugar; acudimos ao lugar para valorar unha posible vía alternativa de comunicación coa zona da Lomba, co fin de facilitar a circulación rodada no entorno de dita rúa do Brañal, e tamén do entorno do Grupo Escolar CEIP Palmeira.*

Unha vez no entorno do CEIP de Palmeira, encontramos unha posible solución ao problema, no Camiño Público de Mondelo que comunica o lugar da Lomba coa zona do Brañal:

1.- A vía pública a considerar Camiño do Brañal (camino de carro), ten unha lonxitude duns 275 metros, dende o tramo asfaltado no Camiño de Pedriñas ata o tramo pavimentado na zona do Brañal, achego fotos do trazado.



Foto do inicio do Camiño veciñal visto dende o Brañal.





2.- O camiño preséntase transitado por tractores e moxóns as beiras do Camiño vecinal 9011 do polígono 35.



Foto do recorrido do Camiño veciñal.

3.- O camiño facilitaría a comunicación entre a zona norte de Palmeira ea zona oeste, Grupo escolar.



Foto da zona da Lomba, rúa Pedriñas, donde entronca o camiño 9011.



FIRMANTE - FECHA





En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, insta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira á adopción do seguinte, ACORDO:

Único.- Que se proceda a redactar un proxecto de pavimentación do camiño veciñal 9011, considerando a posible ampliación do vial actual; debido as necesidades veciñais, e de comunicación interior en Palmeira.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **Ps de G-Psoe** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de outubro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 14 (2 Ps de G-Psoe, 9PP, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 7 PBBI

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aproba** a proposición do **GM** do **Ps de G-Psoe** sobre **PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO VECIÑAL 9011 NO ENTORNO DA RÚA DO BRAÑAL – PALMEIRA**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente, e en consecuencia aproba:

Único.- Que se proceda a redactar un proxecto de pavimentación do camiño veciñal 9011, considerando a posible ampliación do vial actual; debido as necesidades veciñais, e de comunicación interior en Palmeira.

10.-PROPOSICIÓN GM PBBI PRESENTADA POR D. GERARDO PARDAVILA FERNÁNDEZ SOBRE ARRANXAR OS PROBLEMAS DE DEBROCE E LIMPEZA EN PALMEIRA E DEMÁIS PARROQUIAS DO CONCELLO ASÍ COMO DOTAR DE PUNTOS DE LUZ E NOME Á RÚA QUE VAI DENDE A AGRÍÑA Á BOUCIÑA.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de outubro de 2021, sobre a base dunha proposición do **GM** do **PBBI**, presentada por **D. Gerardo Pardavila Fernández** con data de 9 de outubro de 2021 (rex de entrada nº 18236) do seguinte tenor literal:


“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Gerardo Pardavila Fernández concelleiro do Partido Barbanza Independiente (PBBI). Presenta esta moción polo abandono total e deterioro das parroquias do Concello.

Non fai falla máis que dar unha volta por calquera parroquia para ver o esquecemento no que se encontran.

Nesta intervención vou centrarme na parroquia de Palmeira, sen esquecermos do resto, sen embargo esta é da que máis podo falar xa que se atopa a miña residencia.





As rúas e veira rúas, a maioría están con baldosas levantadas ou rotas, as herbas (en algunhas incluso hai silvas) fan difícil camiñar polo lugar. Estou falando de rúas que se atopan no centro da parroquia, se non polo da veira, máis afastados, que teñen o mesmo dereito á limpeza, pero se



no centro están deste xeito, xa se poden imaxinar como estarán lugares como Xosé María Mourelas ou os puntos de luz.

Acompaño nesta moción algunhas fotografías das que se pode encontrar por exemplo en rúa María Xosé, rúas de herbas e lixo. Insuela, rúa da Aagriña... por nome de Aagriña...

Logo está o paseo de Coroso, un paseo fronte ao río que non se pode camiñar debido a que as herbas invaden parte do paseo. Logo, tamén, no paseo do Río Azor que as herbas invaden parte do paseo. Logo, tamén, no paseo do Río Azor que as herbas invaden parte do paseo. Fágome unha pregunta, para que están estas rúas e paseos se non se limpian? O Concello sen obter beneficios, porque se as rúas e paseos non se limpian, non se obtén ningún beneficio.

Falando de luces hai unha rúa, que por causa da falta de luz, non se pode camiñar. Hai un tramo de máis de 10 metros sen luz, unha parada de autobús, polo que as veciñas non poden ir a casa das vivendas.

Os veciños e veciñas dan queixas por poñer un nome a estas rúas e paseos, pois isto conleva a moitos inconvenientes.

Dende o PBBI pedimos a esta Corporación que:

1. Arranxar os problemas de desbruce e limpeza en Falmerna e nas demais parroquias do Concello;
2. Dotar á rúa sen nome dos puntos de luz que faltan e darlle unha denominación para que a veciñanza non teña problemas para a entrega de paquetería e correspondencia entre outras cousas.



CSV: 07E5000C138200Q0J7S1V9A8S3



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000C138200Q0J7S1V9A8S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 10/12/2021
 MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 10/12/2021
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/12/2021 11:10:53

DOCUMENTO: 00210791426
 Fecha: 10/12/2021
 Hora: 11:10





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000C138200Q0J7S1V9A8S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 10/12/2021
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 10/12/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/12/2021 11:10:53

DOCUMENTO: 20210791426

Fecha: 10/12/2021
Hora: 11:10





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **PBBI** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de outubro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteun membros de dereito **aprobala** proposición do **GM** do **PBBI** sobre **ARRANXAR OS PROBLEMAS DE DESBROCE E LIMPEZA EN PALMEIRA E DEMÁIS PARROQUIAS DO CONCELLO ASÍ COMO DOTAR DE PUNTOS DE LUZ E NOME Á RÚA QUE VAI DENDE A AGRÍÑA Á BOUCIÑA**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente, e en consecuencia aproba:

Primeiro:-Arranxar os problemas de desbroce e limpeza en Palmeira e nas demais parroquias do Concello.

Segundo:-Dotar á rúa sen nome dos puntos de luz que faltan e darlle unha denominación para que a veciñanza non teña problemas para a entrega de paquetería e correspondencia entre outras cousas.

E sendo as **23 horas e 59 minutos** do día **1 de decembro de 2021**, en cumprimento do ‘principio de unidade de acto’ previsto no artigo 87 do ROF, quedando pendentes os **puntos 11, 12, 13, 14,15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23 e 24** da orde do día, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle

